

fitosanitarios. A dita directiva incorpórase ao ordenamento xurídico español en virtude do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios. Por outra banda, na Orde do 14 de abril de 1999 establécese o anexo I do devandito real decreto, baixo a denominación «Lista comunitaria de substancias activas», que se define no artigo 2.16 da devandita norma, como a lista das substancias activas de produtos fitosanitarios aceptadas pola Comisión Europea e cuxa incorporación se fará pública mediante disposicións nacionais, como consecuencia doutras comunitarias.

A Directiva 2007/31/CE da Comisión, do 31 de maio de 2007, pola que se modifica a Directiva 91/414/CEE do Consello respecto á ampliación do uso da substancia activa fostiazato, como insecticida. Esta substancia activa xa foi incluída na lista comunitaria como nematocida mediante a Directiva 2003/84/CE da Comisión do 25 de setembro, trasposta ao ordenamento xurídico interno mediante a Orde PRE/1393/2004, do 20 de maio, pola que se inclúen as substancias activas trifloxistrobina, carfentrazona-etil, mesotrione, fenamidona, isoxaflutol, mecoprop, mecoprop-p, propiconazol, coniothyrium minitans, molinato, tiram, ziram, flurtamona, flufenacet, iodosulfurón, dimetenamida-p, picoxistrobina, fostiazato, siltiofan, paraquat, mesosulfurón, propoxicarbazona e zoxamida no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios.

As disposicións citadas establecen as condicións para que a comercialización como insecticida de produtos fitosanitarios que conteñan a referida substancia activa non teñan efectos nocivos para a saúde humana ou a saúde animal nin para as augas subterráneas, nin teñan repercusións inaceptables para o ambiente con uso como insecticida.

Esta orde incorpora ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2007/31 da Comisión, do 31 de maio de 2007, mediante a modificación da inclusión da substancia activa fostiazato no anexo I do Real decreto 2163/1994, e dítase de acordo coa facultade establecida na disposición derradeira primeira do citado real decreto.

A Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria emitiu informe preceptivo sobre esta disposición. Así mesmo, na súa tramitación foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, do ministro de Sanidade e Consumo e da ministra de Medio Ambiente, dispoño:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios.*

O número referente á especificación técnica da substancia activa fostiazato contida no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios, modifícase nos termos que figuran no anexo desta orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado»

Madrid, 15 de novembro de 2007.–A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, María Teresa Fernández de la Vega Sanz.

«ANEXO

Condições de inclusión da substancia activa fostiazato

Características:

Nome común: fostiazato.

N.º CAS: 98886-44-3.

N.º CIPAC: 585.

Nome químico (IUPAC): O-etil 2-oxo-1, 3-tiazolidina-3-ilfosfonotioato de (RS)-S-sec-butilo.

Pureza mínima da substancia: 930 g/kg de produto técnico.

Condições da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como insecticida ou nematocida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ao informe de avaliación da Comisión Europea, aprobado polo Comité Permanente da Cadea Alimentaria e de Sanidade Animal na súa reunión do 4 de xullo de 2003, deberase atender especialmente:

Á protección das augas subterráneas en situacións vulnerables, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións,

Á protección das aves e dos mamíferos silvestres, sobre todo se a substancia activa se aplica durante o período de reprodución,

Á protección dos organismos do solo que non son obxecto do tratamento, e incluír, como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

Prazo para a inclusión: do 1 de xaneiro de 2004 ao 31 de decembro de 2013.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 1 de xullo de 2004.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: o 30 de xuño de 2005 para os produtos que conteñan fostiazato como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994 para a devandita data.

Protección de datos: por ser o fostiazato unha substancia activa nova, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.»

XEFATURA DO ESTADO

19879 *LEI ORGÁNICA 13/2007, do 19 de novembro, para a persecución extraterritorial do tráfico ilegal ou a inmigración clandestina de persoas. («BOE» 278, do 20-11-2007.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O tráfico ilegal e a inmigración clandestina de persoas encádrase entre os delitos caracterizados non só por atentar contra valores de carácter humanitario considerados

esenciais pola comunidade internacional, senón tamén pola tradicional impunidad derivada do escaso empeño mostrado habitualmente na súa represión polos Estados con máis directos vínculos de conexión. Ademais, estamos ante un tipo de criminalidade transnacional, ámbito no cal o factor de impunidad deriva, non tanto da falta de vontade dos Estados con máis vínculos de conexión, como da súa falta de capacidade para a represión individual dunha criminalidade xeralmente privada, aínda que, case sempre, organizada.

A Convención das Nacións Unidas contra a Delincuencia organizada Transnacional, feita en Nova York o 15 de novembro de 2000, e ratificada por España mediante Instrumento do 21 de febreiro de 2002 publicado no «Boletín Oficial del Estado» o 29 de setembro de 2003, complementada polo Protocolo, feito no mesmo lugar e data, contra o tráfico ilícito de migrantes por terra, mar e aire, e ratificado por Instrumento do 21 de febreiro de 2002 publicado no «Boletín Oficial del Estado» o 10 de decembro de 2003, é aplicable aos delitos de tráfico ilegal de persoas, en canto estes se atopan entre os delitos graves, entendendo por tales, a conduta que constituía un delito punible cunha privación de liberdade máxima de, polo menos, catro anos ou cunha pena máis grave, sempre que estes delitos sexan de carácter transnacional e entrañen a participación dun grupo delituoso organizado, cun propósito que garde relación directa ou indirecta coa obtención dun beneficio económico ou outro beneficio de orde material.

A este respecto hai que ter presente que a nosa Lei orgánica do poder xudicial fixa a extensión e límites da xurisdición española no seu artigo 23, combinando o criterio xeral de territorialidade que determina a súa competencia para coñecer dos delitos cometidos en territorio español calquera que sexa a nacionalidade do suxeito activo destes, xunto coas excepcións derivadas dos principios de personalidade que permite coñecer de delitos cometidos fóra do territorio español por españois ou estranxeiros nacionalizados españois con posterioridade á comisión do feito cando concorran determinados requisitos que o precepto menciona, real ou de protección que permite axuizar españois ou estranxeiros que cometan delitos especificamente citados no artigo que afectan intereses do Estado, e de universalidade que atribúe a competencia para coñecer dos delitos previstos no número 4 do precepto independentemente do lugar de comisión e sen consideración a vínculo ningún de nacionalidade activa ou pasiva con base en que afecta bens xurídicos dos cales é titular a comunidade internacional no seu conxunto.

De acordo con tales criterios, na actualidade, no suposto de que unha embarcación sexa rescatada fóra do mar territorial por un buque español, con persoas que, presuntamente, perseguían entrar en España, á marxe dos postos fronteirizos habilitados para o efecto e carecendo da documentación oportuna para iso, non será posible considerar que os tribunais españois teñan xurisdición para a instrución e axuizamento dos feitos, agás se o tráfico de seres humanos detectado en augas internacionais está orientado á súa explotación sexual, á vista da expresa previsión contida no artigo 23.4 e) da Lei orgánica do poder xudicial.

Non obstante, a Convención de 2000, en relación co Protocolo contra o tráfico ilícito de migrantes por terra, mar e aire, no mesmo artigo 15.2 c), faculta os Estados parte para que poidan establecer a súa xurisdición respecto destes delitos de tráfico ilegal ou inmigración clandestina, mesmo cando se cometan fóra do seu territorio. Este sería o suposto concreto da patera ou os caiucos interceptados antes de chegar ás costas españolas, en definitiva, delitos que se consuman coa realización de actividades de captación, transporte, intermediación ou calquera outra que supoña promoción ou favorecemento

da inmigración clandestina ou o tráfico ilegal, con independencia do resultado conseguido, sendo irrelevante que non se conclúa a operación de que se trate por causas alleas á vontade do axente, tales como a posible intervención policial.

España, sen dúbida, debe adoptar as medidas legislativas ao respecto co fin de axuizar este tipo de delitos, pois resulta certamente difícil darlles o necesario trato digno aos inmigrantes e protexer plenamente os seus dereitos humanos, á vista do inabarcable fluxo migratorio no noso país. Fluxo que provén, en boa medida, do notable aumento das actividades dos grupos delituosos organizados en relación co tráfico ilícito de inmigrantes, que día a día poñen en perigo a súa vida e a súa seguraza.

Nesta liña inscribíase esta lei orgánica ao posibilitar a persecución extraterritorial do tráfico ilegal ou a inmigración clandestina de persoas. Modifícase, así mesmo, o primeiro número do artigo 318 bis do Código penal, co obxecto de que a descrición do tipo penal non quede restrinxida aos supostos en que o tráfico ilegal ou a inmigración clandestina de persoas se teña que levar a cabo desde, en tránsito ou con destino a España. Coa nova redacción castigárase tamén a dita conduta cando o destino sexa calquera outro país da Unión Europea. Igualmente, inclúese a atribución de xurisdición para o caso de tráfico de persoas que afecte traballadores, ao ser de aplicación o artigo 313.1 do Código penal.

Artigo primeiro. Modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

Un. Modifícase o número 4 do artigo 23 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, que quedará redactado como segue:

«4. Igualmente será competente a xurisdición española para coñecer dos feitos cometidos por españois ou estranxeiros fóra do territorio nacional susceptibles de se tipificar, segundo a lei penal española, como algún dos seguintes delitos:

- a) Xenocidio.
- b) Terrorismo.
- c) Pirataría e apoderamento ilícito de aeronaves.
- d) Falsificación de moeda estranxeira.
- e) Os delitos relativos á prostitución e os de corrupción de menores ou incapaces.
- f) Tráfico ilegal de drogas psicotrópicas, tóxicas e estupefacientes.
- g) Tráfico ilegal ou inmigración clandestina de persoas, sexan ou non traballadores.
- h) Os relativos á mutilación xenital feminina, sempre que os responsables se encontren en España.
- i) E calquera outro que, segundo os tratados ou convenios internacionais, deba ser perseguido en España.»

Artigo segundo. Modificación da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal.

Un. O número 1 do artigo 313 do Código penal terá a seguinte redacción:

«1. O que promovese ou favorecese por calquera medio a inmigración clandestina de traballadores a España, ou por outro país da Unión Europea, será castigado coa pena prevista no artigo anterior.»

Dous. O número 1 do artigo 318 bis do Código penal terá a seguinte redacción:

«1. O que, directa ou indirectamente, promova, favoreza ou facilite o tráfico ilegal ou a inmigración

clandestina de persoas desde, en tránsito ou con destino a España, ou con destino a outro país da Unión Europea, será castigado coa pena de catro a oito anos de prisión.»

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.*

Un. Modifícase a letra f) do número 2 do artigo 86 ter, coa seguinte redacción:

«f) Dos procedementos de aplicación dos artigos 81 e 82 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea e o seu dereito derivado, así como os procedementos de aplicación dos artigos que determine a Lei de defensa da competencia.»

Dous. Engádese un novo número 3 ao artigo 86 ter, que queda redactado do seguinte modo:

«3. Os xulgados do mercantil terán competencia para o recoñecemento e execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais e arbitrais estranxeiras, cando estas versen sobre materias da súa competencia, a non ser que, conforme o acordado nos tratados e Noutras normas internacionais, corresponda o seu coñecemento a outro xulgado ou tribunal.»

Tres. Modifícase o número 5 do artigo 447, coa seguinte redacción:

«5. Os secretarios substitutos non profesionais percibirán as retribucións correspondentes ao posto de traballo desempeñado.

Recoñeceranse os trienios correspondentes aos servizos prestados que terán efectos retributivos conforme o establecido na normativa vixente para os funcionarios da Administración xeral do Estado. Este recoñecemento efectuarase logo de solicitude do interesado.»

Catro. Modifícase o número 2 do artigo 489, coa seguinte redacción:

«2. Os nomeados deberán reunir os requisitos e titulación necesarios para o ingreso no corpo; tomarán posesión no prazo que regulamentariamente se estableza e terán os mesmos dereitos e deberes que os funcionarios, agás a fixeza no posto de traballo e as mesmas retribucións básicas e complementarias.

Recoñeceranse os trienios correspondentes aos servizos prestados que terán efectos retributivos conforme o establecido na normativa vixente para os funcionarios da Administración xeral do Estado. Este recoñecemento efectuarase logo de solicitude do interesado.»

Cinco. Modifícase o número 2 do artigo 509, coa seguinte redacción:

«2. Tamén terán dereito a un período de excedencia, de duración non superior a tres anos, os funcionarios para atender o coidado dun familiar que se atope ao seu cargo, ata o segundo grao inclusive de consanguinidade ou afinidade que, por razóns de idade, accidente ou enfermidade, non poida valerse por si mesmo, e non desempeñe actividade retribuída.»

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta Lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 19 de novembro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

19880 *LEI 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar.* («BOE» 278, do 20-11-2007.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

I

As grandes transformacións políticas e sociais que viviu España nos últimos trinta anos, ben como o cambio da súa posición no escenario internacional dun mundo en rápida evolución, tiveron reflexo nas normas que establecen o marco xurídico da defensa e, en consecuencia, nun dos seus recursos clave: o persoal militar.

A Lei orgánica 6/1980, do 1 de xullo, reguladora dos criterios básicos da defensa nacional e a organización militar, iniciou o proceso de adaptación de nosas Forzas Armadas ao sistema político establecido pola Constitución de 1978. Esta lei orgánica facía referencia a que unha serie de aspectos esenciais do réxime de persoal, tales como o ensino militar, as escalas, o réxime de ascensos e recompensas, os sistemas de ingreso e retiro e os empregos dos membros das Forzas Armadas, se regularían por lei seguindo os criterios unificadores que establecía.

Tal exixencia materializouse na Lei 17/1989, do 19 de xullo, reguladora do réxime do persoal militar profesional, que supuxo un fito na racionalización e fixación de criterios homoxéneos na política de persoal militar. Previamente, o Real decreto lei 1/1988, do 22 de febreiro, dera paso á incorporación da muller ás Forzas Armadas en consonancia cos cambios sociais acaecidos en España.

Ao longo da década dos anos noventa, coincidindo co proceso de aplicación e desenvolvemento da Lei 17/1989, do 19 de xullo, cambiou profundamente o contexto estratéxico. A un tempo que ía desaparecendo a política de bloques da guerra fría, xurdían novas misións fóra do territorio nacional e evidenciábase a necesidade de contar cunhas Forzas Armadas cun elevado nivel de preparación, un alto grao de dispoñibilidade e unha notable capacidade de reacción.

Estes criterios, unidos ás demandas da sociedade, propiciaron a constitución dunha Comisión Mixta Congreso dos Deputados-Senado, que determinou en 1998 os principios xerais dun novo modelo de Forzas Armadas plenamente profesionais. De conformidade co ditame da Comisión promulgouse a Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das forzas armadas, que supuxo a suspensión do servizo militar obrigatorio.

Posteriormente, a presenza dun número significativo de cidadáns doutros países en España fixo aconsellable permitir o seu acceso á condición de militar profesional